



**REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE PSICOLOXÍA**

**APROBADO POLO CONSELLO DE GOBERNO DO 29/05/2018**

PREÁMBULO .....	3
TÍTULO PRELIMINAR: DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN .....	3
Artigo 1. Obxecto do Regulamento .....	3
Artigo 2. Ámbito de aplicación .....	3
Artigo 3. Réxime xurídico .....	3
TÍTULO I: NATUREZA E FUNCIONS .....	3
Artigo 4. Natureza .....	3
Artigo 5. Funcions.....	3
TÍTULO II. DA ACTIVIDADE DOCENTE .....	4
Artigo 6. Principios xerais .....	4
Artigo 7. Organización docente.....	4
TÍTULO III. DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA .....	4
Artigo 8. Principios xerais .....	4
TÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO.....	4
Artigo 9. Recursos económicos. ....	4
Artigo 10. Competencias en materia económica .....	5
TÍTULO V: DA ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO.....	5
CAPÍTULO I. DA ESTRUCTURA DO DEPARTAMENTO .....	5
Artigo 11. Persoal pertencente ao Departamento de Psicoloxía .....	5
Artigo 12. Adscrición .....	5
Artigo 13. O Departamento de Psicoloxía ten asignada a unidade administrativa vixente en cada momento. ....	5
CAPÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO .....	5
SECCIÓN PRIMEIRA. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.....	5
Artigo 15. Concepto.....	5
Artigo 16. Composición do Consello de Departamento.....	6
Artigo 17. Competencias do Consello de Departamento.....	6
Artigo 18. Funcionamento do Consello de Departamento .....	6
Artigo 19. Constitución.....	7
Artigo 20. Asistencia e desenvolvemento das sesións .....	7
Artigo 21. Votacións e adopción de acordos.....	7
Artigo 22. Actas .....	8
Artigo 23. Comisión Permanente do Consello de Departamento.....	8
Artigo 24. Das comisións de estudo e asesoramento .....	9
SECCIÓN SEGUNDA. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS .....	9
Artigo 25. Da Dirección do Departamento.....	9
Artigo 26. Funcions da Dirección do Departamento.....	9
Artigo 27. Da revogación da Dirección do Departamento .....	9
Artigo 28. Da Secretaría do Departamento.....	10



TÍTULO VI. DAS SECCIÓNS DEPARTAMENTAIS.....	10
Artigo 29. Creación.....	10
Artigo 30. Organización.....	10
Artigo 31. Competencias.....	10
TÍTULO VII. DA REFORMA DO REGULAMENTO.....	11
Artigo 32. Iniciativa de reforma do Regulamento.....	11
Artigo 33. Tramitación de reforma do Regulamento.....	11
Artigo 34. Aprobación da proposta de modificación do Regulamento.....	11
DISPOSICIÓNS FINAIS.....	11
PRIMEIRA. Derrogatoria.....	11
SEGUNDA. Entrada en vigor.....	11



## REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE PSICOLOXÍA

### PREÁMBULO

O presente Regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 9.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio (DOG de 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG de 17 de outubro) e no Regulamento Marco de Departamentos, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de novembro de 2016.

### TÍTULO PRELIMINAR: DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN

#### Artigo 1. Obxecto do Regulamento

O presente Regulamento establece e regula o funcionamento e organización do Departamento de Psicoloxía.

#### Artigo 2. Ámbito de aplicación

O presente regulamento será de aplicación ao Departamento de Psicoloxía da Universidade da Coruña, constituído polas áreas de coñecemento Metodoloxía das Ciencias do Comportamento, Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos, Psicobioloxía, Psicoloxía Básica, Psicoloxía Evolutiva e da Educación, e Psicoloxía Social, e consecuentemente será de obrigado cumprimento para todos os seus compoñentes en canto sexan membros do mesmo.

#### Artigo 3. Réxime xurídico

1. O Departamento de Psicoloxía rexerese polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e finalmente polo presente Regulamento de Réxime Interno.
2. En defecto do establecido no presente Regulamento aplicaranse as Leis 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
3. Contra as resolucións e acordos dos órganos unipersoais ou colexiados do Departamento, poderase formular recurso de alzada no prazo dun mes perante o Reitor/ra, tratándose de resolucións do Director/a, e perante o Consello de Goberno, tratándose de acordos do Consello de Departamento. A resolución destes recursos esgotará a vía administrativa e será impugnabile perante a xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa lei reguladora desta xurisdición.

### TÍTULO I: NATUREZA E FUNCÍONS

#### Artigo 4. Natureza

O Departamento de Psicoloxía é o órgano encargado de coordinar o ensino encomendado ás áreas de coñecemento adscritos a el nos centros nos que impartan docencia, de acordo coa programación docente da Universidade e de ditos centros. Asemade, compételle o apoio ás actividades docentes e investigadoras do persoal docente e investigador (PDI) e as demais funcións que lles sexan encomendadas polos Estatutos da UDC.

#### Artigo 5. Funcións

Son funcións do Departamento:



- a) Organizar e desenvolver, nos diferentes ciclos dos estudos universitarios, as ensinanzas propias das áreas de coñecemento da súa competencia.
- b) Apoiar as actividades e iniciativas investigadoras do persoal adscrito ás áreas de coñecemento da súa competencia.
- c) Contratar con entidades públicas ou privadas, ou con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como o desenvolvemento de cursos de especialización.
- d) Participar na elaboración de planos de estudo, no procedemento de selección do PDI e nos procesos de avaliación da calidade institucional.
- e) Calquera outra que lles asignen as disposicións legais vixentes e os Estatutos da UDC.

## TÍTULO II. DA ACTIVIDADE DOCENTE

### Artigo 6. Principios xerais

1. O Departamento promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade dirixida á formación integral e crítica do estudiantado e á preparación para o exercicio de actividades profesionais.
2. A docencia é un dereito e un deber do persoal docente e investigador do Departamento e será impartida baixo os principios de liberdade e responsabilidade, de acordo coa programación docente e os fins xerais da Universidade da Coruña.
3. O Departamento é o responsable da docencia de acordo cos planos de estudos das distintas titulacións en que imparta o seu ensino e o plano de ordenación docente aprobado polo Consello de Goberno.

### Artigo 7. Organización docente

1. O Consello de Departamento, con carácter anual e antelación suficiente respecto ao comezo do seguinte curso académico, deberá polo menos:
  - a) Revisar e aprobar as guías docentes das materias ao seu cargo.
  - b) Distribuír e asignar as tarefas docentes entre o profesorado, segundo a normativa vixente.
  - c) Resolver calquera outra cuestión establecida na normativa elaborada polo Consello de Goberno.
2. As obrigas docentes do profesorado computarán anualmente.

## TÍTULO III. DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA

### Artigo 8. Principios xerais

1. O Departamento asume como un dos seus obxectivos esenciais a investigación, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia social do coñecemento. E para tal efecto promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento da investigación así como a formación dos seus investigadores.
2. A investigación é un dereito e un deber do persoal docente e investigador. Recoñécese e garántese, no ámbito do Departamento, a liberdade de investigación individual e colectiva.
3. Os Departamentos apoiarán programas de investigación onde se recollerán as liñas de investigación, os proxectos e mais os recursos de persoal e material necesarios.

## TÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

### Artigo 9. Recursos económicos.

1. Para a realización das actividades docentes e investigadoras o Departamento de Psicoloxía dispón:



- a) Dos bens, equipos e instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle destine.
  - b) Dos recursos que nos orzamentos da Universidade da Coruña se lle asignen.
  - c) Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído.
2. Corresponde aos órganos de goberno do Departamento velar polo mantemento e renovación dos recursos adscritos a este. Da súa conservación directa son responsables todos os membros adscritos a el, e será supervisada pola Dirección do Departamento fomentando un uso sustentable deles.
  3. A admisión de persoas alleas ao Departamento para utilizar as instalacións cuxa xestión teña asignada será solicitada ao Consello de Departamento polas persoas interesadas, tendo que facerse responsable de dita utilización algún PDI do Departamento.

## Artigo 10. Competencias en materia económica

O Consello de Departamento adoptará anualmente os criterios para a asignación dos recursos do Departamento que serán destinados ao funcionamento deste e á atención das tarefas docentes e investigadoras das áreas de coñecemento que o integran.

## TÍTULO V: DA ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

### CAPÍTULO I. DA ESTRUCTURA DO DEPARTAMENTO

#### Artigo 11. Persoal pertencente ao Departamento de Psicoloxía

O Departamento agrupa ao PDI da Universidade, funcionario e contratado, ao persoal de investigación, bolseiros/as de investigación, estudantado e ao persoal de administración e servizos (PAS) que estean adscritos á el.

#### Artigo 12. Adscrición

A adscrición do profesorado ao Departamento farase atendendo á convocatoria de cada praza. Calquera mudanza de adscrición deberá ser acordada polo Consello de Goberno por instancia da persoa interesada e logo do informe dos Departamentos afectados.

Artigo 13. O Departamento de Psicoloxía ten asignada a unidade administrativa vixente en cada momento.

### CAPÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

#### Artigo 14. Órganos de goberno do Departamento

Para o goberno, representación e administración do Departamento establécense os seguintes órganos:

- a) Colexiados:
  - Consello de Departamento.
  - Comisión Permanente do Consello de Departamento.
- b) Unipersoais:
  - Dirección do Departamento
  - Secretaría do Departamento

### SECCIÓN PRIMEIRA. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

#### Artigo 15. Concepto

O Consello de Departamento é o órgano colexiado de goberno do Departamento.



## Artigo 16. Composición do Consello de Departamento

1. O Consello de Departamento comporase de:
  - a) A persoa que ostente a Dirección, que o presidirá e o convocará, e a que ostente a Secretaría.
  - b) Todas as persoas Doutoradas vinculadas por relación funcional, laboral ou bolsreira á Universidade, e todo o profesorado sen título de Doutor e a tempo completo integrado no Departamento.
  - c) Unha representación do profesorado a tempo parcial e do persoal investigador en formación que colabore na docencia e, de ser o caso, das persoas lectoras integradas no Departamento, que suporá o 5%.
  - d) Unha representación do estudantado do ámbito da docencia do Departamento que suporá un 28%, dos que, de ser o caso, o 40% corresponderá ao alumnado de doutoramento.
  - e) Un representante do PAS adscrito ao Departamento.
2. A elección da representación dos diferentes sectores no Consello de Departamento realizarase de acordo co previsto no Regulamento Electoral da Universidade.

## Artigo 17. Competencias do Consello de Departamento

Son competencias do Consello de Departamento:

- a) Elixir á persoa que ocupe a Dirección e, de ser o caso, revogala.
- b) Programar as actividades docentes e eventualmente investigadoras do Departamento, elaborar o seu Plan de Organización Docente (POD) e propor os Programas de Doutoramento, de acordo coa Escola Internacional de Doutoramento.
- c) Formular as demandas do persoal docente e investigador.
- d) Organizar cursos ou estudos de posgrao ou especialización dentro do seu ámbito de competencia.
- e) Participar na selección e contratación do persoal docente e investigador.
- f) Propor nomeamentos de Doutores *honoris causa*.
- g) Aprobar a distribución do orzamento anual do Departamento e a súa execución.
- h) Elaborar o Regulamento de Réxime Interno do Departamento.
- i) Informar as solicitudes de realización de congresos e xornadas científicas.
- j) Calquera outra competencia que lle for asignada polas disposicións legais vixentes e polos Estatutos da UDC.

## Artigo 18. Funcionamento do Consello de Departamento

1. O Consello de Departamento reunirse en sesión ordinaria tantas veces sexa necesario, polo menos unha vez cada semestre, e sempre que a Dirección a convoque por propia iniciativa ou por solicitude dun terzo dos seus membros, en cuxo caso a sesión se realizará nos quince días seguintes ao de recepción da solicitude.
2. A orde do día das sesións será fixada pola Dirección do Departamento tendo en conta, se for o caso, que calquera dos membros do Consello de Departamento poderá solicitar a inclusión dun punto na orde do día. En tal caso, ese punto incluírase na primeira sesión que se convoque, sempre que se solicitase antes de ter enviada a convocatoria.
3. A convocatoria será efectuada pola Secretaría do Departamento, por orde da Dirección ou de quen legalmente a substitúa. As convocatorias serán cursadas pola Secretaría, coa antecedencia mínima de dous días hábiles a través de medios electrónicos, e deben incluír a data, hora, lugar de realización da sesión, ou sistema de conexión para a asistencia a distancia, así como a orde do día e a documentación correspondente.
4. Cando a natureza dos asuntos a tratar así o requira, a xuízo da Dirección, poderanse convocar ás sesións do Consello ou, se for o caso, ás dalgunha comisión, ás persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto.
5. O PDI adscrito ao Departamento que non forme parte do Consello de Departamento poderá asistir ás reunións do Consello, con voz aínda que sen voto.



6. As sesións extraordinarias do Consello de Departamento están sometidas aos mesmos requirimentos que as ordinarias. Non se incluírán na orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes ou suxestións e preguntas.
7. No caso de que sexa preciso nomear representantes do Departamento en comisións de titulacións ou órganos colexiados e non se especifique a área de coñecemento á que deban pertencer, procurarase a presenza das diversas áreas que compoñen o Departamento.

## Artigo 19. Constitución

1. O Consello do Departamento poderase constituír e realizar as súas sesións tanto de forma presencial como a distancia. Neste último caso, os membros do órgano poderán asistir á reunión por medios electrónicos, considerándose tales aqueles que permitan asegurar a identidade da persoa, o contido e o momento en que se produzan as súas manifestacións, ben como a intercomunicación en tempo real. A asistencia a distancia estará condicionada a ter un motivo debidamente xustificado, á dispoñibilidade de medios técnicos e ao desenvolvemento da normativa correspondente.
2. Para a válida constitución do Consello de Departamento, requirirase en primeira convocatoria a asistencia, presencial ou a distancia, polo menos, da metade dos seus membros sempre que asistan os que ocuparen a Dirección e a Secretaría ou as persoas que, de ser o caso, as substitúan. De non se acadar este quórum, o órgano poderase constituír en segunda convocatoria coa presenza dun terzo dos seus membros e, en todo caso, de quen ocupe a Dirección e a Secretaría ou das persoas que, de ser o caso, as substitúan.

## Artigo 20. Asistencia e desenvolvemento das sesións

1. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Universidade é un dereito e un deber dos membros que os integran.
2. A condición de membro dun órgano colexiado é persoal e non delegable.
3. Toda ausencia poderá xustificarse por escrito con anterioridade á sesión en que se produza perante a Secretaría do Departamento.
4. Ás sesións só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 18.4 e 18.5.

## Artigo 21. Votacións e adopción de acordos

1. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría. Tampouco se poderán adoptar acordos nos puntos da orde do día correspondentes a “informes” ou “suxestións e preguntas”.
2. Os acordos serán adoptados por maioría de votos afirmativos sen se teren en conta as abstencións, agás naqueles supostos en que se esixa legal ou regulamentariamente maioría absoluta ou cualificada. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da Dirección.
3. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, poida derivar dos acordos. Quen votase en contra dun acordo maioritario poderá formular voto particular por escrito no prazo máximo de dous días hábiles, que conta desde o remate da sesión
4. As votacións poderán realizarse por asentimento por proposta da Dirección do Departamento, a man alzada, pública por chamamento ou secreta. A Dirección do Departamento decidirá a utilización dunha ou doutra modalidade. Porén, a votación secreta poderá ser empregada cando o acordo que se deba adoptar tiver carácter persoal. Consideraranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas ao Consello non suscitaren oposición de ningún membro deste e non requirise outra forma de votación algún membro.
5. Iniciada unha votación, esta non poderá interromperse.



## Artigo 22. Actas

1. A persoa que ostente a Secretaría redactará a acta de todas as sesións do Consello de Departamento. A acta especificará a relación de asistentes, as ausencias xustificadas, a orde do día, o lugar e tempo da reunión, referencia sucinta das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.
2. Sempre que haxa medios técnicos e normativos suficientes, poderanse gravar as sesións que realice o órgano colexiado. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola Secretaría da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar á acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións. Neste caso, deberanse conservar de forma que se garanta a integridade e a autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso a eles por parte dos membros do Consello.
3. Na acta figurará, por solicitude dos respectivos membros do Consello de Departamento, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen, ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo que sinala a Dirección, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a ela.
4. No caso de terse presentado algún escrito cun voto particular dalgún membro do Consello, incorporárase ao texto da acta correspondente.
5. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión, podendo non obstante emitir o Secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.
6. En caso de aprobarse a acta na seguinte reunión do Consello, a persoa que ocupe a Secretaría elaborará a acta co visto e prace da Dirección e remitiráa a través de medios electrónicos aos membros do órgano colexiado, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto, para os efectos da súa aprobación.

## Artigo 23. Comisión Permanente do Consello de Departamento

1. O Consello de Departamento poderá crear unha Comisión Permanente, na que delegará o exercicio das súas competencias, agás as que non podan ser obxecto de delegación.
2. Os acordos que adopte a Comisión Permanente deberán ser comunicados e ratificados polo Consello de Departamento na seguinte sesión ordinaria que se realice.
3. Na Comisión Permanente deberán estar representados todos os sectores da comunidade universitaria que forman parte do Consello de Departamento.
4. A Comisión Permanente estará integrada por:
  - a) O Director/a do Departamento, que a presidirá.
  - b) O Secretario/a do Departamento, que o será da Comisión.
  - c) Un profesor/a por cada unha das áreas de coñecemento que forman parte do Departamento e, habida conta do elevado número de PDI da área de Psicoloxía Evolutiva e da Educación, dous desa área: un procedente do ámbito de Psicoloxía Evolutiva e outro procedente do ámbito de Psicoloxía da Educación.
  - d) Un alumno/a que forme parte do Consello de Departamento.
  - e) Un representante do PAS que forme parte do Consello de Departamento.
5. Excepto as persoas que ostenten a Dirección e a Secretaría do Departamento, o resto do profesorado da Comisión Permanente será elixido polo Consello de Departamento a proposta de cada área de coñecemento e por un período de dous anos.
6. A Comisión Permanente estará encargada da resolución dos asuntos de trámite, así como de todas aquelas funcións que o Consello de Departamento expresamente lle delegue.
7. No seu funcionamento rexeráse polas mesmas normas recollidas nos artigos 18 a 22 do presente Regulamento.





8. A Comisión Permanente poderá constituírse validamente para a celebración de reunións sen precisar de convocatoria previa cando estiveran presentes, de maneira presencial ou a distancia, e así o decidan todos os seus membros.

## Artigo 24. Das comisións de estudo e asesoramento

O Consello de Departamento poderá crear, con carácter temporal ou permanente, comisións de estudo e asesoramento de carácter non decisorio. O acordo de creación determinará as súas funcións e composicións.

## SECCIÓN SEGUNDA. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS

### Artigo 25. Da Dirección do Departamento

1. A Dirección do Departamento é o órgano que ten a encomenda de dirixir, xestionar e representar ao Departamento.
2. Poderá ser candidato á Dirección do Departamento o PDI Doutor con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo. As eleccións serán realizadas polo Consello de Departamento na forma prevista no Regulamento electoral da Universidade. A persoa elixida será nomeada polo Reitor/a.
3. De non se poder efectuar o nomeamento por falta de candidatos que reúnan os requirimentos esixidos, unha vez oído o Consello de Departamento o Reitor/a encargarlle provisionalmente as funcións de Dirección a un dos profesores/as do Departamento.
4. A duración do mandato será de catro anos, e só se poderá optar a unha única reelección consecutiva.
5. A persoa que ostente a Dirección do Departamento cesará nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada nos termos que regulamentariamente se establezan.
6. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular, as funcións de Dirección serán exercidas polo PDI adscrito ao Departamento de máis categoría e, dentro dela, con maior antigüidade.

### Artigo 26. Funcións da Dirección do Departamento

Correspóndelle á Dirección do Departamento:

- b) Exercer a representación do Departamento.
- c) Presidir e convocar o Consello de Departamento e executar os seus acordos.
- d) Dirixir, coordinar e supervisar as actividades do Departamento.
- e) Coordinar coa unidade administrativa asociada ao Departamento a atención ás necesidades administrativas e de xestión do Departamento.
- f) Promover contratos, de acordo co previsto na lei e nos estatutos.
- g) Executar as previsións orzamentarias.
- h) Propor ao Reitor/a o nomeamento, de entre o profesorado adscrito ao Departamento, da persoa que vaia desempeñar a Secretaría deste.
- i) Calquera outra función que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os estatutos da UDC.

### Artigo 27. Da revogación da Dirección do Departamento

1. A persoa que ostente a Dirección do Departamento poderá ser revogada mediante moción de censura.
2. Para ser tramitadas, a moción de censura deberá ir asinada polo candidato alternativo e, conxuntamente, por un terzo dos membros do Consello de Departamento.
3. Presentada a moción de censura, a Dirección estará obrigada a convocar, dentro dos seguintes 15 días naturais, unha reunión extraordinaria do Consello de Departamento con ese único punto na orde do día.



4. Tanto o candidato proposto coma a persoa que ocupe a Dirección disporán de 10 minutos para expoñer os seus motivos, e doutros 10 minutos para responder ás preguntas dos membros do Consello de Departamento. Transcorrido o dito período, procederase á votación, que será secreta. Para que a moción de censura prospere deberá obter o apoio da maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento. Se unha moción de censura non alcanzase a maioría necesaria, as persoas proponentes non poderán presentar outra durante o mesmo mandato.

## Artigo 28. Da Secretaría do Departamento

1. A persoa que ostente a Secretaría do Departamento será nomeada polo Reitor, por proposta da Dirección do Departamento, de entre o profesorado do Departamento con dedicación a tempo completo.
2. A Secretaría do Departamento ten como función redactar as actas das sesións, custodiar a documentación e expedir certificacións, ben como calquera outra función que lle fose delegada pola Dirección do Departamento ou encomendada polas disposicións vixentes e os Estatutos.
3. A persoa que ostente a Secretaría do Departamento cesará no cargo por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do Reitor/a, a proposta da Dirección do Departamento.
4. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, a persoa que ocupe a Secretaría será substituída polo profesor/a mais novo presente.

## TÍTULO VI. DAS SECCIÓNS DEPARTAMENTAIS

### Artigo 29. Creación

Por proposta do profesorado interesado, e logo do informe do Departamento, o Consello de Goberno poderá crear Seccións Departamentais cando así o aconsellasen razón xeográficas, a existencia de diversas áreas ou ámbitos de coñecemento ou o elevado número de PDI adscrito ao Departamento.

### Artigo 30. Organización

1. Cada sección deberá contar con un número mínimo de tres PDI.
2. De entre o PDI adscrito á sección e por proposta desta, o Consello de Departamento nomeará a unha persoa responsable, que terá dereito a unha redución da súa carga docente con cargo á bolsa de horas xestionada polo centro en que imparta docencia sempre que a sección agrupe, como mínimo, dez PDI permanentes a tempo completo, incluíndo quen teña compromiso de permanencia.
3. Constitúense as seguintes seccións departamentais integradas polo profesorado das áreas de coñecemento correspondentes:
  - Sección departamental de Metodoloxía das Ciencias da Comportamento, constituída polo profesorado da área de Metodoloxía das Ciencias da Comportamento.
  - Sección departamental de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos, constituída polo profesorado da área de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos.
  - Sección departamental de Psicobioloxía, constituída polo profesorado da área de Psicobioloxía.
  - Sección departamental de Psicoloxía Básica, constituída polo profesorado da área de Psicoloxía Básica.
  - Sección departamental de Psicoloxía Evolutiva e da Educación, constituída polo profesorado da área de Psicoloxía Evolutiva e da Educación.
  - Sección departamental de Psicoloxía Social, constituída polo profesorado da área de Psicoloxía Social.

### Artigo 31. Competencias

Alén das que lle delegue o Consello de Departamento, cada sección exercerá, polo menos, as competencias seguintes:



- a) Propor ao Consello de Departamento as convocatorias de prazas de PDI correspondentes á sección, de acordo co que está disposto nos artigos 81 a 84 dos Estatutos da UDC. A proposta de convocatoria inclúe, en todo caso, a comisión xulgadora, o perfil e a categoría da praza.
- b) Propor ao Consello o Plan de organización docente (POD) correspondente ao PDI adscrito á sección.

## TÍTULO VII. DA REFORMA DO REGULAMENTO

### Artigo 32. Iniciativa de reforma do Regulamento

Poderán propor a reforma do presente Regulamento un terzo dos membros do Consello de Departamento. A proposta de modificación presentarase mediante escrito motivado dirixido á Dirección.

### Artigo 33. Tramitación de reforma do Regulamento.

1. O texto da proposta de reforma será enviado pola Dirección aos membros do Consello, que disporán de quince días para presentaren emendas. Transcorrido este prazo convocarase sesión ordinaria do Consello para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntaranse as emendas presentadas, que serán sometidas a debate e votación.
2. As modificacións que veñan derivadas polo cambio de normativas de orde superior incorporaranse de oficio e serán comunicadas ao Consello de Departamento.

### Artigo 34. Aprobación da proposta de modificación do Regulamento

Para a modificación do regulamento requírase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros do Consello e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

## DISPOSICIÓN FINAIS

### PRIMEIRA. Derrogatoria

Queda derogados os anteriores Regulamentos de réxime interno dos Departamentos de Psicoloxía e Psicoloxía Evolutiva e da Educación.

### SEGUNDA. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.